

## VINTECINCO ANOS DESPOIS: OS MILAGROS DE MANOLO E A SÚA XENTE

Ao xeito de San Francisco de Asís (o das “froreciñas”) e do seu seguidor o Papa Francisco (que ven de regalarnos o “*Cántico á Vida e á Natureza*”, (*Laudato Si!*)) invito a todos os lectores, amigos e amigas do Poeta de Paradela, *Manuel Orestes Rodríguez López*, a recitar comigo, polo menos de pensamento, este sinxelo canto de louvanza e agradecemento a Deus, con craro arrecendo franciscano:

***-Lodo sexa o Señor: polo extraordinario don da vida física/terrenal de Manolo que foi quen de vivila en sinxeleza e humildade e coa valentía e carraxe na defensa da verdade, da xustiza, da paz, do amor, da entrega a Deus, á familia, ás persoas, á Natureza, á Terra!;***

***- Lodo sexa o Señor: pola nova oportunidade de celebrar e compartir anacos desa riqueza espiritual e humana cos milleiros de vellos e novos amigos que o Poeta de Paradela foi arrequeitando, agarimosamente, co exemplo da súa vida acompañada das súas obras persoais e literarias;***

***-Lodo sexa o Señor tamén: porque esa vida e amizade compartidas, despois de 25 anos de ausencia física, segue presente entre todos nós: na súa familia, nos seus veciños e amigos (xa se contan por milleiros) espallados polo Mundo de fala hispano/galego/portuguesa. Grazas, Señor, pola vida e obras de Manolo! Grazas, Manolo, polo teu exemplar xeito de saber e querer vivila e compartila connosco: antes, agora e sempre!***

Despois deste xusto e necesario preámbulo de acción de grazas a Deus, creo interesante ofrecer unha sinxela e breve visión panorámica dos feitos máis significativos desenvolvidos durante estes 25 anos, relacionados coa persoa e vida do noso Poeta e aos acontecementos que foron medrando de xeito asombroso, ao seu arredor, rebotando todas as nosas optimistas previsións. Todo o que pasou parece un alucinante soño. Mesmo semella un milagro. Foi un auténtico milagro! Coa intervención divina, claro está, pero tamén coa de Manolo, sobreactuando desde a súa nova Dimensión, na Plenitude de Deus (o Ceo no que cremos os cristiáns) Con eles a súa Familia, o eficaz e comprometido Concello de Paradela e o numeroso grupo de persoas que se foron mutiplicando dun xeito sorprendente e

mesmo milagreiro. Manolo segue a reinar despois de morto e a brilar, con luz propia, no firmamento do mundo da cultura. Está felizmente vivo e presente entre nós e entre os milleiros de amigos que foi arrecadando ao través da súa ben aproveitada vida! Cómpre celebralo!

## Fagamos memoria destes fermosos 25 anos.

Cinco datas significativas: Anos 1990, 1995, 2000, 2009 e 2015

Acto seguido do funeral (Sta. Mariña de Adai, 14-II-90) foi homenaxeado e nomeado "*Lucense do Ano*" a título póstumo, pola veterana Asociación de Profesionais da Radio/Televisión de Lugo. O catro de setembro, o Concello acorda concederlle, tamén a título póstumo a honra/honor de nomealo "*Fillo Predilecto*" de Paradela. Poucas datas despois, o 15 de novembro, adícaselle o nome de *Manuel Orestes Rodríguez López*, á Casa da Cultura e Centro Social. O diario de Lugo *El Progreso* e a Asociación Cultural *O Penedo*(Barcelona) tamén o honran en Lugo e Adai (O Páramo)

O ano 1995, foi transcendental no *coñecemento e espallamento* da súa vida e obra. Dous acontecementos significativos:

1º/ *Cumprimento da promesa*, por parte do Concello de Paradela, do desexo do Poeta de que os seus restos repousaran na súa parroquia natal de San Miguel... "*ollando ao Páramo*". Promesa cumprida o 29 de abril co traslado e solemne cerimonia do *soterramento no Panteón de Fillos Ilustres* no cemiterio da parroquia, acto no que participaron ademais da súa familia, a corporación municipal en pleno, os veciños dos dous concellos (Páramo/Paradela) e unha mancha de amigos chegados de todo Galiza.

2º O feliz *Nacemento do Certame de Poesía e Narrativa "Manuel Orestes Rodríguez Lopez*. Nese mesmo ano, publicáronse tamén dúas das súas obras inéditas: "*Onte e hoxe vivencial*" e a versión traducida ao galego da "*Atlántida*" de J. Verdaguer. Van alá 20 anos con outros tantos libros publicados cos temas e autores premiados nos Certames. A partir desta data, todos os anos se celebra, antes do Nadal, un "*encuentro cultural*" con motivo da entrega de premios aos galardoados con actuacións musicais nas que participan os nenos/as do Colexio San Miguel de Paradela. Desde

hai catro anos, sorpréndenos *Carlos Rodríguez*, neto do Poeta e un virtuoso do violín e piano.

No 2000, publícase a desexada e ben artellada *Biografía de Manuel Orestes Rodríguez López* baixo a responsabilidade do gran escritor e bo investigador, *Manuel Blanco Castro*, ex/frade franciscano, seu gran amigo e veciño, en Barcelona. Era unha necesidade básica e fundamental. Nin na súa patria nativa (Galiza) nin na adoptante (Catalunya) se coñecía a vida de Manuel e aínda menos a súa riqueza cultural, a pesar da súa movida e bofacer nos ambientes culturais de Barcelona. Un libro que está en moitos fogares das parroquias do Concello de Paradela e debería estar en todos. (O próximo ano 2006, no mes de xuño, cúmprese o 10º aniversario da morte do autor. Ims a telo en conta!)

-Outra data significativa (2009) moi desexada tamén polos amigos/as de Manolo, e en especial pola familia, foi a *publicación da “Poesía Completa”* nun fermoso e laborioso traballo do poeta/amigo Darío Xoán Cabana

- Como colofón a estos 25 anos de actividades, desde hai dous (2013/15) contamos: a/ coa Pax. Web ([www.manuelrodriguezlopez.org](http://www.manuelrodriguezlopez.org)) na que se pode ver a súa vida/obra e todo que foi xurdindo á súa beira. E b/ a gran *“Exposición Itinerante”*, con 16 paneis en cor que reflicte o decorrer da vida do autor e da súa obra. Desde o ano 2013 leva visitado unha cadea de cidades e vilas (Madrid, Barcelona, Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e varias vilas do Camiño de Santiago e a Terra Chá) Comezou en Paradela. Ámbalas dúas actividades foron diseñadas e están sostidas por GaliciaDigital que dirixe Toni Xiz. Colaboran tamén a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a Deputación e Concellos de Lugo e Paradela e os das vilas onde se exhibe a Exposición. Moi boa acollida!

***Cómo e quen fai milagros!?: Unha sinxela e feliz historia.***

Para que non haxa dúbida algunha sobre o que vou afirmar, arrinco do Evanxeo de Xesús. (Por certo, Xesús dicía que non quería facer milagros. Mesmo regañou aos beneficiados (*“vós seguídesme porque vos fartastes...”*) pero remataba facéndoos. Moitos!) E segue facéndoos, a feixes, cada día. Fíxense nalgúns detalles de Xesús: Na multiplicación dos

pans, valeuse dos 5 bolos de pan e dos 2 peixes que tiña un rapaz e que puxo á disposición do Mestre; nas vodas de Caná, foi María, súa Nai a Valedora e os homes que prepararon a auga e as tinas para o viño milagroso; na sanación do home parálítico valeuse dos paisanos que o subiron nas padiolas, etc, etc. En todos houbo “sempre” algún xeito de participación humana, grande ou pequena, pero necesaria. A nosa parte humana que reside no corazón. Coido que xa albiscan a onde quero chegar. O milagro de Manolo, tamén foi así! Un cativo grupo (non máis de media ducia de persoas, ao principio) creron no proxecto e botáronse a andar, a traballar. Cada acción realizada suxería outra nova. Con máis ou menos consciencia, seguimos o lema de Auxilia ( “*crer no que facemos e...facelo con entusiasmo*”) Resultou daquela e tamén agora. Unha pancada chama pola outra e se hai moitos andando...máis próxima a meta. Uns poucos, á vista... e moitos máis, na sombra, traballando desde o anonimato.Os moitos poucos (os bolos, os peixes, a auga, as padiolas, os paisanos, etc. aportados por e con amor...) fixeron os milagros do Evanxeo. No caso de Manolo sucedeu o mesmo. Por citar algúns, subliñamos a súa propia familia, o grupo do Concello (co alcalde ao fronte e a corporación en pleno e o labor calado de todo o personal) o Grupo do Colexio San Miguel (profesores e nenos/as) o cativo grupo do Xurado dos Certames, os miles de participantes, os premiados (algo mais dun cento) músicos e artistas que teñen colaborado, os diversos medios de comunicación...e un longo etcétera..

Deus está connosco. E o poeta tamén. Xunto a Deus, Manolo, fará das súas, polo Alen, como fixera en vida e, seguro, que nos segue dando azos para culminar esta fermosa tarefa. Non sabemos a onde chegaremos. “*Mil primaveiras máis!?* Todo é posible! A súa vida/obras son inmorrentes. A nosoutros quédanos manter o espírito do Poeta e seguir facendo “*cousas normais*” para despois se converteren en “*extraordinarias*”.

Penso que, en síntese, témola resposta do enunciado do apartado: *Cómo e quen fan os milagros!?* A bos entendedores...sobran verbas. O esforzo e a constancia persoal e colectiva fan o resto. O caso de Manolo confírmao!. Seguiremos a facer milagros!!!

